




CAMBADOS

Curso de navegación tradicional, este sábado en Cambados

LA VOZ

CAMBADOS



MONICA IRAGO

Organiza o Clube Mariño Salnés e o prezo é de 60 euros

24 jun 2025 . Actualizado a las 09:50 h.



Comentar · 0

Coa chegada do verán ábrese a oferta de ocio no mundo da vela, tamén para aprender. O Clube Mariño Salnés (Cambados) celebra este sábado un curso de iniciación á vela tradicional dentro do seu proxecto de difusión da cultura marítima. **A xornada empezará ás 10 horas** e terá unha introdución teórica sobre a navegación e unha parte práctica para coñecer as manobras básicas para manexar unha dorna a vela e a remo. Haberá **xantar a bordo** e a recollida será ás 18 horas. O custe da actividade é de **60 euros** e a inscrición pode formalizarse a través da web do club para maiores de 16 anos.